

**REVISIÓN DA ADAPTACIÓN
DA
PROGAMACIÓN DIDÁCTICA
DE
FRANCÉS**

IES TERRA DE TRASANCOS

Profesora: ANA MARÍA BALADO PENA

ÍNDICE:

PÁX.

1- APRENDIZAXES.....	3
2- TAREFAS DE RECUPERACIÓN.....	13

1- APRENDIZAXES:

As aprendizaxes esenciais para cada curso serán as seguintes:

1º ESO:

1ª AVALIACIÓN

- Comprensión de preguntas básicas sobre asuntos pessoais. Faranse microdiálogos sobre o nome, idade, dirección, etc., para a súa comprensión.
- Elaboración de frases e expresións habituais. Farase unha interpretación de expresións e frases habituais na aula a través das novas tecnoloxías.
- Comprensión de documentos auténticos, pausados e ben articulados. escoitaranse diferentes textos orais sinxelos.
- Realización de conversas sobre temas familiares. Farase un traballo de diferentes conversas de temas habituais.
- Uso da lingua francesa con actitude positiva. Fomentarase o intercambio positivo de mensaxes breves que faciliten a comunicación de maneira gratificante, vendo as posibilidades comunicativas de que se dispoñen.
- Relación de diferentes recursos para a lectura: as imaxes, títulos e información visual. Faranse lecturas recurrido a estratexias de lectura que as faciliten.

2ª AVALIACIÓN:

- Comprensión de textos variados e sinxelos en varios soportes. Farase traballo sobre diferentes textos con apoio visual e sobre os seus gustos.
- Aplicación de estratexias para producir textos (planificación, finalidade...). Elaborarán una receita ou un resumo sobre os monumentos de París, por exemplo.
- Cumprimentación de documentos para cubrir información persoal. Cubrirán un cuestionario sobre datos pessoais e gustos.
- Escritura de textos variados e sinxelos. Escribirán postais, tarxetas e mensaxes con motivos diversos.
- Elaboración de textos curtos ordeados e correctos. Realizarán textos sobre a descripción dunha cidade que queremos visitar: París.
- Discriminación de fonemas e sons. Escolla selectiva de diferentes sons e fonemas por medios dixitais.
- Utilización de convencións orais e escritas. Emprego de saúdos e despedidas, fórmulas de tratamento...
- Utilización correcta das estruturas sintáctico- discursivas. Realización dunha comprensión detallada das tarefas solicitadas.

- Utilización do léxico e as funcións comunicativas axeitadas. Elaboración de proxectos colaborativos nos que se empregan todas as linguas que coñece.

3ª AVALIACIÓN:

- Traballo de achega ao coñecemento da cidade de París, en especial dos seus monumentos. Elaboración de traballos por medio de consultas na Internet.
- Emprego das preposicións de lugar e dos medios de transporte. Elaboración de frases e diálogos que os conteñan.
- Revisión dos números ata 100. Realización de operacións matemáticas.
- Repaso da interrogación con: est-ce que, qui, que, où, comment, pourquoi, quand...
- Algúns verbos como: préférer, aller, prendre a través de diálogos e conversas.
- Indicación dun camiño, co vocabulario da cidade: à droite, à gauche, tout droit, traversez, prenez...
- Emprego dos verbos pronominais para contar as accións da xornada habitual diaria.
- Serán capaces de indicar a hora dixital e analóxica.
- Falarán do seu horario e farán comparacións cos horarios dos alumnos franceses, aprendendo as asignaturas e o vocabulario relacionado.
- Serán capaces de enumerar a vestimenta asociando os adxectivos de cor e poñendoos no seu lugar.
- Emprego do imperativo para dar ordes e consellos afirmativamente e negativamente.
- Aprenderán o vocabulario das partes do corpo para facer unha descripción física e psicolóxica.
- Repaso dos adxectivos posesivos para utilizar nas descripcións.
- Emprego da concordancia e lugar dos adxectivos calificativos.

2º ESO:

1ª AVALIACIÓN:

- Comprensión de preguntas sinxelas sobre a súa identificación. Traballo con diálogos breves que poñan de releve a súa capacidade de comprensión.
- Comprensión de frases sinxelas e de consignas de aula. Elaboración de tarefas seguindo instrucións e consignas de aula.

- Comprensión de textos orais procedentes de medios audiovisuais. escoita de diferentes textos con cuestionarios sobre a comprensión.
- Comprensión de información básica de conversas variadas. Elaboración de conversas sobre temas do seu interese.
- Fomento dunha actitude positiva cara ao francés. Participación activa nas actividades expresando a lexicia de poder comunicar na lingua francesa.
- Emprego espontáneo de formas de cortesía intentando facerse entender. Participación activa en diálogos para entender e facerse entender.
- Desenvoltura en situación habituais de transaccións sinxelas. Búsqueda e elaboración de información sobre as actividades máis comúns.
- Participación en conversas básicas con alguna finalidade práctica. Faranse ofrecementos ou pediranse indicacións para ir a un lugar.
- Presentación e obtención de información básica. Participación en conversas nas que solicitará colaboración para entender e facerse entender.
- Comprensión de textos do seu interese. Lectura e análise de textos variados do seu gusto.
- Comprensión de consignas, prohibicións, obrigas e avisos básicos. Análise de textos variados sobre consignas básicas e predicibles.
- Comprensión de correspondencia persoal breve. Presentación de varias cartas ou mensaxes para a súa comprensión.

2ª AVALIACIÓN:

- Comprensión de textos informáticos. Presentación e análise de textos sobre hábitos saudables.
- Elaboración de textos sinxelos para transmitir información. Elaboración de pequenas redaccións.
- Resposta a cuestionario con información persoal. Elaboración de respostas relativas aos seus centros de interese.
- Escritura de bandas deseñadas en soporte dixital. Elaboración de textos variados en soporte dixital.
- Escritura de correspondencia. Escritura dunha carta para contar una viaxe.
- Identificación de sons e grafías de fonemas básicos. Emprego de léxico e estruturas básicas co ritmo, entoación e acentuación adecuadas.
- Utilización adecuada das convencións orais e escritas moi básicas. Elaboración de conversas e textos respectando as convencións orais e escritas.

- Comparación das diferentes linguas no proceso de elaboración de textos. Explicación do proceso de produción de textos e de hipótesis de significado.
- Participación en proxectos nos que se utilicen varias linguas. Elaboración de materiais multimedia empregando varias linguas.
- Comprensión do propósito das tarefas ou situacións de comunicación. Farán traballos nos que sexan capaces de pedir e dar información, felicitar, invitar con corrección discursiva.

3ª AVALIACIÓN:

- Saberán preguntar e indicar o precio en diálogos en contexto.
- Pedirán información sobre os horarios e saberán responder.
- Proporán, aceptarán ou rexeitarán algunha proposición sobre a súa opinión.
- Preguntarán e indicarán a posesión.
- Excusaranse e aceptarán as excusas.
- Manexarán a interrogativa en frases sinxelas e breves.
- Indicarán unha parte dun todo por medio dos artigos partitivos.
- Saberán as regras xerais de formación do feminino e do plural.
- Saberán empregar as expresións de tempo máis básicas.
- Farán exercicios de comprensión escrita e oral sobre un diálogo.
- Aprenderán o vocabulario dos utensilios de cociña, as cantidades e as receitas.
- Informaranse sobre as capacidades de alguén e saberán responder.
- Escribirán unha invitación ou unha postal de bos desexos.
- Preguntarán e darán os ingredientes dunha receita.
- Manexarán o uso dos pronomes en frases sinxelas.
- Empregarán os presentativos C'est / Il est con corrección.
- Indicarán unha acción inminente por medio do futuro próximo.
- Contarán acontecementos pasados.
- Expresarán unha intención.
- Describirán un lugar, por exemplo, nunha viaxe.
- Expresarán un xuízo de valor sobre algo.
- Aprenderán o vocabulario sobre as actividades de ocio, o tempo meteorolóxico e a familia.
- Revisión dos pronomes relativos.
- Saberán empregar os adverbios de modo.
- Saberán expresar os tempos de pasado.

3º ESO:

1ª AVALIACIÓN

- Traballo do alumnado consistente na discriminación auditiva. escoita de diferentes situación de comunicación para inferir datos delas, aínda que non se entenda totalmente as mensaxes. Pola entoación, por outras linguas que coñece...
- Mellora da capacidade da comprensión auditiva. A través de diversos textos breves comprobar a comprensión por medio de tests.
- Traballo de comprensión en diferentes situacións de comunicación. escoita de diversas situacións: nun restaurante, nun hotel, nunha tenda, amosando o seu nivel de comprensión cun resumo.
- Traballo de comunicación oral no que o alumno participa activamente. Diálogos por parellas sobre temas do seu interese: música, ocio, deportes...
- Traballo sobre conversas de lingua formal. Entrevistas individuais nas que se lles require ao alumnado datos persoais, gustos e preferencias.
- Traballo sobre noticias e informativos, para a súa comprensión. Visionado de varios telexornais extraendo a idea principal de cada nova.
- Traballo de exposición de textos breves. Exposición e presentación dun tema do seu interese: os seus gustos e actividades.
- Representación de situación da vida real como una viaxe. Traballo de búsqueda de información para manexarse nunha viaxe: diálogos nos hoteis, nas tendas, nos museos, no aeroporto...
- Traballo sobre conversas informais. Representación dunha conversa telefónica, por exemplo.

2ª AVALIACIÓN:

- Representación de entrevistas formais. Dramatización dunha entrevista para facer un curso de verán.
- Traballo sobre información xornalística. Resumo de noticias xornalísticas: ideas principais e secundarias.
- Identificación de instrucións básicas. Documentos auténticos dos manuais de instrucións duns aparellos.
- Traballo sobre comprensión de correspondencia persoal variada. Lectura comprensiva de diferentes tipos de cartas persoais.
- Comprensión de textos formais do seu interese. Lectura e comentario de de correspondencia formal.
- Traballo sobre documentos web. Traballo sobre varias cidades francesas baseado na comprensión de páxinas web.
- Producción de correpondencia persoal. Elaboración de cartas para amigos doutros países.

- Cumprimentación de cuestionarios sobre diversos temas. Resposta a cuestionarios sinxelos con información persoal básica.
- Elaboración de pequenas mensaxes con corrección. Participación en chats e elaboración de mensaxes curtas.
- Producción de correspondencia formal correcta. Elaboración de cartas dirixidas a un organismo oficial de forma limpa e ordenada.
- Reprodución axeitada de sons, fonemas, léxico e estruturas. Exposicións sobre diversos temas.
- Emprego das convencións orais e escritas da lingua francesa. Participación en conversas nas que se empreguen saúdos, despedidas, fórmulas de tratamento...
- Comparación entre varias linguas para facer hipóteses de significado. Demostración práctica dos seus coñecementos para a elaboración dun texto.

3ª AVALIACIÓN:

- Saudarán, presentaranse, expresarán os seus gustos, as súas preferencias, o seu desexo de facer algo, falarán do futuro próximo.
- Falarán da súa familia e as profesións que poden desempeñar.
- Expresarán a localización (lugar, destino, procedencia).
- Describirán a talla, a altitude, a velocidade dun avión, globo aerostático ou outro medio de transporte.
- Expresarán a comparación con adxectivos, con verbos e con nomes.
- Farán unha proposta empregando as expresións con Avoir.
- Informaranse sobre as necesidades de alguén.
- Describirán unha acción en curso e falarán dunha acción nun futuro próximo.
- Dirán o que se ven de facer (passé récent).
- Traballarase o vocabulario da familia, dos oficios, dos medios de transporte, da natureza, obxectos e produtos de aseo, recordos de praia.
- Revisións de gramática: os pronomes tónicos, o condicional presente, o adxectivo indefinido Tout, o grao do adxectivo, o superlativo, os pronomes complemento de lugar Y e EN.
- O emprego dos pronomes personais COD, COI, os relativos.
- Saberán relatar as palabras de alguén por medio do discurso e a interrogación directos en presente.

4º ESO:

1ª AVALIACIÓN:

- Mellora do seu proceso de comprensión. Utilización dos coñecementos doutras linguas para mellorar a súa comprensión.
- Captación dos puntos relevantes de mensaxes orais. Faranse tests de comprensión oral dos aspectos principais de mensaxes claras e articuladas con lentitude.
- Comprensión de conversas nas que participa sobre os seus intereses. Faranse comentarios con corrección sobre asuntos persoais ou educativos.
- Comprensión de información relevante do que se lle dí en transaccións cotiás. Comprensión de información en tendas, hoteis, restaurantes e centros de lecer.
- Comprensión e participación en conversas informais. Comprensión de opinión e puntos de vista formulados de xeito simple.
- Identificación de información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas. escoita selectiva de telexornais e programas de televisión.
- Elaboración de presentación breves e ensaiadas. Traballo sobre presentación de temas do seu interese e resposta a preguntas previsibles.
- Intervención en xestións e transaccións cotiás. Preparación de situacións concretas nunha viaxe.
- Participación en conversas formais, reunións ou entrevistas. Traballo sobre una entrevista para atopar emprego.
- Captación do senso xeral de textos xornalísticos breves. Presentación de textos xornalísticos para a súa análise.

2ª AVALIACIÓN:

- Identificación de instrucións xerais de funcionamento de aparellos ou normas de seguridade. Lectura comprensiva de diferentes instrucións e normas de seguridade.
- Comprensión de correspondencia persoal sinxela. Presentación de varias cartas para analizalas.
- Comprensión esencial de correspondencia formal. Elaboración de cartas para dirixirse a organismos oficiais.
- Comprensión esencial de páxinas web. Por medio de traballos sobre temas do seu interese na Internet.
- Escritura de correspondencia persoal ou textos breves e variados. Traballo de intercambio de información con alumnos doutros países.
- Recensión dun cuestionario sinxelo. Traballo de cumprimentación dunha subscripción a una publicación dixital.
- Escritura de notas e mensaxes en diferentes soportes con diversos fines.

- Escritura de textos formais básica e breve. Para solicitar, por exemplo, información en calquera entidade.
- Utilización correcta de patróns de ritmo, entoación e acentuación.
- Emprego das convencións orais e escritas básicas propias da lingua. Elaboración de diálogos que conteñan ditas convencións.
- Explicación do proceso de produción de textos. Elaboración de hipóteses de significado.
- Elaboración de proxectos. Elaboración de folletos e carteis sobre temas do seu interese.
- Comprensión e comunicación do propósito solicitado pola tarefa. Realización de frases para satisfacer as necesidades de comunicación da aula.

3ª AVALIACIÓN:

- Comprensión escrita e oral de diálogos sinxelos sobre temas do seu interese, como por exemplo, as viaxes.
- Proporán a un amigo que non coñece a súa vila ir a velos contaralle o que poden visitar.
- Aprenderán o vocabulario sobre o colexio e os oficios relacionados con él.
- Preguntarán a alguén si está ao corrente de algo e responderán.
- Contarán unha viaxe que desfrutaron e outra na que o pasaron mal por calquera motivo.
- Aprenderán a facer unha promesa sobre algo que pensan cumprir.
- Aconsellarán algo a alguén.
- Estudarán a gramática dos pronomes demostrativos, os adverbios de tempo e as expresións de tempo e o condicional dos verbos irregulares.
- Coñecerán mais de preto Quebec e Montreal, a súa cultura e a súa civilización.
- Reflexionarán sobre un tema de actualidade para poder emitir un xuízo.
- Farán diálogos como, por exemplo, un diálogo no que ofrecen un regalo a un amigo/a.
- Aprenderán expresións con animais que teñen a súa equivalencia no castelán e no galego.
- Expresarán a dúbida, a indecisión e o desgusto.
- Saberán empregar os artigos partitivos, os pronomes demostrativos neutros, os pronomes e adxectivos indefinidos, a negación.
- Coñecerán a cociña francófona en Europa e no mundo.
- Saberán prohibir algo a alguén, relatar un discurso, dar informacións aproximativas, acusarán a alguén de facer algo, negarán ter feito algo.

1º BACHARELATO:

1ª AVALIACIÓN:

- Comprensión oral detallada en todas as tarefas da clase. Observación directa da comprensión oral nas instrucións e comunicacións da clase.
- Captación dos puntos principais de mensaxes orais. escoita selectiva de diferentes documentos expresando as ideas principais.
- Comprensión de conversacións formais ou entrevistas. Resumo dos datos principais dunha entrevista.
- Comprensión do que se dí en conversacións cotiás e estruturadas. escoita comprensiva de diferentes situacións nunha tenda, nun restaurante, nun hotel...
- Comprensión dunha conversa informal. Diálogos por parellas sobre diversos temas do seu interese.
- Identificación dos aspectos máis relevantes de diversas presentacións. escoita e visionado dunha presentación multimedia e resumo de datos relevantes.
- Elaboración de esquemas previos á elaboración de presentacións. Exposición oral sobre os medios de comunicación con posibilidade de réplicas.
- Participación en conversas académicas ou ocupacionais. Xustificación das súas accións, opinións e plans.
- Elaboración de diálogos que recollen datos cotiás. Preparación dunha viaxe e elaboración de conversas situacionais.
- Participación en conversas informais. Elaboración dunha conversa telefónica para comunicar datos persoais.
- Identificación e dedución da información máis relevante dun documento, baseándose nos coñecementos previos e relacionados co que coñece noutras linguas. Deberán extraer información primordial de diferentes tipos de artigos xornalísticos.
- Comprensión de mensaxes a través de blogs do seu interese. Traballos sobre foros de opinión para resumir e contar o máis salientable deles.
- Comprensión esencial de instrucións e consignas básicas. Presentación de varios documentos institucionais: cursos, prácticas ou becas para que demostren, mediante una exposición, a súa comprensión.
- Comprensión de información relevante en textos descriptivos ou narrativos. Realización de tests de comprensión sobre normas de convivencia.

2ª AVALIACIÓN:

- Identificación das ideas xerais do argumento nunha lectura. Sobre o libro de lectura: análise do argumento, tempo e espacio, personaxes...
- Identificación da información esencial de textos institucionais ou comerciais.. Preparación dunha viaxe a París coa necesaria comprensión de textos referidos a reservas nos museos, dos diferentes lugares a visitar, documentos, etc.
- Comprensión de mensaxes recollidos de páxinas web sobre temas do seu interese para a realización das súas tarefas e traballos. Realización de traballos empregando materiais multimedia para facer un esquema sobre a Francofonía.
- Escritura de índole persoal sobre temas do seu interese. Elaboración de varias cartas para expresar os seus sentimentos, opinións, experiencias, informacións.
- Cumprimentación dun cuestionario sobre temas do seu interese. Elaboración de varios cuestionarios necesarios para inscribirse nun curso ou nunha actividade de verán.
- Escritura de mensaxes e comentarios breves en calquera soporte. Elaboración de notas, mensaxes e anuncios sobre a convivencia escolar e a violencia nas aulas.
- Elaboración de cartas formais dirixidas a institucións públicas ou entidades comerciais. Solicitud de documentos a un organismo oficial e petición dalgún tipo de servizo a una empresa.
- Escritura de textos expositivos breves. Elaboración dunha exposición sobre os departamentos e territorios de ultramar.
- Producción de textos escritos en diferentes soportes. Elaboración dun texto referido a temas dos seu interese comparando as diversas linguas que coñece.
- Inferir vocabulario e estruturas a partir doutras linguas. Deducir o significado de varios textos sen coñecer todo o vocabulario.
- Elaboración de proxectos multimedia. Participación en proxectos sobre o emprego do francés no mundo.

3ª AVALIACIÓN:

- Serán capaces de pedir e dar un servizo.
- Expresarán a tristura.
- Elaborarán varios diálogos en situacións concretas de comunicación.
- Farán un traballo de comprensión oral e escrita de documentos variados.
- Darán consellos por medio do imperativo, os verbos impersonais e o condicional.
- Porán en práctica a gramática: os pronomes demostrativos, os pronomes interrogativos compostos, os pronomes posesivos, os adverbios de modo, os adxectivos indefinidos e o subxuntivo presente.
- Léxico do medio mariño, a contaminación e a protección do entorno. Xestos para a protección do entorno.

- Expresarán a decepción, tranquilizarán a alguén, dirán as vantaxes e inconvintes de algo, expresarán un lamento, expresarán a anguria, describirán un obxecto.
- Saberán utilizar os pronomes indefinidos, o pronome relativo dont, a forma pasiva, a forma restrictiva, o participio presente, o pluscuamperfecto e o condicional pasado.
- Vocabulario da seguridade e a descripción dun obxecto; a forma, a consistencia, a materia, a talla, o aspecto, a cor e o uso.
- Elaborarán diálogos para convencer a alguén ou para tranquilízalo.
- Falarán de algún obxecto sen o que non poderían estar.
- Traballarán na civilización sobre os territorios e departamentos de ultramar en especial A Martinica e A Reunión.
- Traballarán con fragmentos dos libros de lectura como Tristan et Iseut.

2- TAREFAS DE RECUPERACIÓN.

Os alumnos que non superen a avaliación ordinaria de xuño deberá facer un caderniño de exercicios durante os meses de vacacións que deberán entregar no mes de setembro cando sexan os exames extraordinarios.

- Os alumnos de 1ºESO que non superen en xuño a avaliación da materia deste curso deberán facer o caderniño: Exercices pratiques de grammaire française 1. Delfina Mengod e Natividad Uribarrena. Da editorial Longman.
- Os alumnos de 2ºESO que non superen en xuño a avaliación da materia deste curso deberán facer o caderniño: Exercices pratiques de grammaire française 2. Delfina Mengod e Natividad Uribarrena. Da editorial Longman.
- Os alumnos de 3ºESO que non superen en xuño a avaliación da materia deste curso deberán facer o caderniño: Exercices pratiques de grammaire française 3. Gracia Chumilla. Da editorial Longman.
- Os alumnos de 4ºESO que non superen en xuño a avaliación da materia deste curso deberán facer o caderniño: Exercices pratiques de grammaire française 4. Carmen Avendaño. Da editorial Longman.
- Os alumnos de 1ºBacharelato que non superen en xuño a avaliación da materia deste curso deberán facer o caderniño: Les clés du nouveau Delf. Emmanuel Godard, Philippe Luria e Jean-Paul Sigé. PUG Presses Universitaires de Grenoble.

